

19. O franquismo: características e institucionalización

- O resultado da Guerra Civil (1936 - 1939) → consolidación do réxime ditatorial que os sublevados idearan na denominada “España nacional” para derrocar ao réxime democrático da II República.
- 40 anos de existencia → franquismo mantívose con escasos cambios.
- Rasgos:
 - Férrea ditadura militar, moi conservadora e católica (nacional -católica).
 - Carácter represivo, contando con forte oposición e notable apoio social.
- Vertebrado en base a:
 - Exército → gozou de amplos privilexos e ocupou carteiras de orde pública e castrenses.
 - Igrexa → favorecida por Franco e identificada co novo réxime. Exerce control relixioso-moral e educativo da sociedade.
 - Elites socioeconómicas e social, así como das clases medias (acomódanse e afástanse da política).
- As institucións, asociacións e corporacións que se sublevaron contra a República tiñan distintas concepcións do Estado e a sociedade → deriva nunha dura pugna polo poder.

- Estas faccións foron coñecidas como as “familias” do réxime.
- Franco aproveitou estas rivalidades para converterse en árbitro do poder sen poñer en perigo o seu liderado.
- Os **falanxistas** → gozan de maior protagonismo nos gobernos, subordinados sempre ao “Caudillo”.
- Un feito importante foi o **Decreto de Unificación de 1937** → fusión dos Tradicionalistas carlistas (Comunión Tradicionalista) + FE -JONS.
- Resultado → **FET-JONS** (Federación Española Tradicionalista y de las Juntas Ofensivas Nacional Sindicalista).
- **Carlistas** ocupan → carteiras ministeriais de ámbito social (vivenda, traballo e sindicatos).
- Ambas tendencias (Falanxe e Tradicionalistas) van perdendo poder político e protagonismo despois da II Guerra Mundial e a derrota dos fascismos.

- Os monárquicos tiveron menos protagonismo, mentres que os **tecnócratas do Opus Dei** encargáronse das cuestións económicas.
- **Características** máis sobranceiras do réxime:
 - **Estado forte e centralizado** → garantía da unidade de España e dunha orde social e moral baseada na doutrina da Igrexa e no ideario fascista de Falanxe.
 - O nacionalsindicalismo (**Organización Sindical Española**)→inspirado nos fascismos europeos, organiza o mundo do traballo mediante un sindicato vertical que integra a empresarios e traballadores. A afiliación a este sindicato é obrigatoria e supuxo a desaparición dos sindicatos de clase.
 - Promover a familia tradicional (submisión da muller), catolicismo, propiedade privada, centralismo e orde.
 - **A concentración do poder en mans de Franco** → é o “Caudillo” e reuniu na súa persona a xefatura do Estado, de goberno, das Forzas Armadas, do partido único e do poder lexislativo.
 - **Empregou un poder absoluto e represor** (sobre todo na posguerra e na represión da Falanxe), suprimindo dereitos e liberdades e exaltando a figura do líder ao estilo fascista (apoiándose nos medios de comunicación, que o mitifican como “Xeneralismo”).

-
- Franco concentra nas súas mans poder ilimitado do que, segundo el, só respondería “**ante Deus e ante a Historia**”.
- Os españois quedaron suxeitos ás leis do novo Estado → carece de garantías xurídicas e podían agravarse con discretionais **estados de excepción**.
- Defensa da proclamada verdadeira tradición española → ten como base a **mitificación do esplendor da España imperial** dos séculos XVI e XVII. Todo isto tenta **erradicar a influencia estranxeira** do liberalismo, masonería, socialismo, comunismo, etc.
- Outros elementos destacados:
 - **Ríxido control social e ideolóxico** mediante o control da educación e a censura de prensa, cine e cultura → evitar pensamentos libres, críticos ou distintos aos do réxime.
 - Emprego dos **medios de comunicación** para exaltar a figura de Franco e convencer dos supostos logros e beneficios do réxime.
 - Créase a **Fronte de Xuventudes** → **adoutramento da poboación** mediante a Formación do Espírito Nacional que inculca nos nenos e mozos o amor á patria e exalta os valores supremos: **raza, imperio e Deus**.

-
- Todos estos elementos difunden as consignas do Movemento Nacional → conxunto de forzas que formaron parte da sublevación do 1936.
- Tamén ten papel a **Sección Feminina** (dirixida por Pilar Primo de Rivera) → brazo feminino da FET das JONS que pretende integrar ás mulleres dende a xuventude no ideario do réxime. Baseado na idea de **ideal no que a muller eran esposas e nais sometidas á tutela dos varóns**. Como se leva a cabo o adoutramento? mediante obradoiros, publicacións e organizacións que promoven estes valores.
- **Sindicato de Estudiantes Universitarios** (SEU) completaba as organizacións falanxistas.
- O franquismo desmantelara a obra republicana e prohibira os partidos políticos e os sindicatos.
- Ao carecer de Constitución, a ditadura inicio unha institucionalización do Estado coa promulgación de **leis fundamentais**:
 - **Foro de traballo (1938)**: Regulamentaba o mundo laboral, complementado pola lei de Unión Sindical de 1940. Establecía os principios do nacionalsindicalismo.

- **Lei das Cortes (1942):** Creación de novas Cortes orgánicas* con función deliberante e consultiva. Non ten poder lexislativo (o ten Franco).
- *[A **democracia orgánica** é o sistema político instaurado en España polo franquismo en 1942, no que a representación popular non se exercía a través do sufraxio universal senón a través das relacións sociais que a ditadura consideraba «naturais» como a familia, o municipio ou calquera órgano de decisión delegada. Rexeitaba os principios liberais, o parlamentarismo e os partidos políticos].
- **Foro dos españois (1945):** Táboa de dereitos e deberes a modo de Carta Outorgada.
- **Lei de Referendo Nacional (1945):** Daba participación á opinión pública para sancionar as leis que decidía o xefe de Estado.
- **Lei de Sucesión (1947):** España quedaba definida como un reino; Franco era ratificado como xefe do Estado. Xoán de Borbón denunciouna no seu **Manifesto de Estoril**.
- **Lei de principios do Movemento Nacional (1958):** Establecía os principios inmutables e permanentes do réxime: unidade de España, condición de reino católico e unidades naturais na vida social: familia, municipio e sindicato.
- **Lei orgánica do Estado (1966):** compendio definitivo da democracia orgánica, síntese e actualización dos anteriores.

- O sistema que xorde destas leis vai ser coñecido como “democracia orgánica” por oposición á democracia inorgánica ou parlamentaria.
- Os procuradores das Cortes eran elixidos:
 - Pola condición do seu cargo.
 - Polos sindicatos e entidades locais.
 - Designación do Xefe de Estado (Franco).
 - Os do sindicalismo compoían o terzo sindical, os dos concellos o terzo municipal e os representantes elixidos polos cabezas de familia o chamado terzo familiar (estes últimos a partir de 1967).
- Ademáis, o goberno nomeaba para cada provincia **gobernadores militares e civís** → ostentan a xefatura provincial do Movemento. **Nomeaban e controlaban aos alcaldes** dos Concellos, os cales exercían de xefes locais do Movemento.
- A **estrutura militar** queda controlada co nomeamento de **Capitáns Xerais**.

Doc. 1

Camaradas: (...) A nosa doutrina persegue o imperio de Deus, a grandeza da patria o ben xeral dos españois, ou o que é o mesmo: unión estreita do nacional co social baixo o imperio do espiritual. (...) Porque España é a nación predilecta de Deus; os seus grandes servizos á Igrexa, por ningún outro pobo igualados, non podían quedar sen recompensa; por iso, en medio das grandes crises, non lle faltou a súa poderosa axuda. (...) Nós non condenamos o marxismo nin o comunismo por canto teñen de aspiracións no social, que non só compartimos, senón que superamos, senón por canto teñen de antinacional, de materialista e de falso. (...) A Falanxe xa sabedes que está inspirada no castrense e no monástico, e tanto na milicia de Deus como na da patria, ascendese só polo camiño da virtude.

Francisco FRANCO. Discurso [á Fronte de Xuventudes]. 4-10-1942

Doc. 2. Fuero de los Españoles (17 de xullo de 1945):

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo ao home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimoniais nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.

Doc. 3.

Educación Relixiosa: (...) O ambiente escolar debe estar na súa totalidade influído e dirixido pola doutrina do Crucificado. (...) Nas lecturas comentadas no ensino das Ciencias, da Historia, da Xeografía, debe aproveitarse calquera tema para deducir consecuencias morais e relixiosas. O ensino da Relixión ten que formar nenos cristiáns (...). Consecuencia deste ambiente relixioso, que debe envolver a educación na Escola, ten que ser a asistencia obrigatoria (...) nos días de precepto, á misa parroquial (...). Educación Patriótica: Rematou o desprezo pola nosa Historia. Acabou a agresión traidora a todo o español. A nosa infancia debe amar a súa Patria ardorosa, entrañablemente (...). Cantos populares e himnos patrióticos deben ser entoados polos nenos en todas as sesións da escola. (...) Programas, escola e mestre deben sentir España en todo momento. Educación Cívica: (...) Que o neno perciba que a vida é milicia, ou sexa, sacrificio, disciplina, loita e austeridade. Estas ideas, nas zonas campeciñas debe o mestre estendelas aos pais, aproveitando para iso unha das sesións de clases de adultos se as hai ou, en caso contrario, que se abra a escola pola noite e en actos sinxelos exaltar o Movemento Nacional, os seus ideais e aspiracións (...). O acto de izar e arriar nos días festivos a bandeira da patria en todas as escolas nacionais, municipais e privadas, mentres se canta polos nenos o himno nacional, debe ser obrigatorio. E como símbolo supremo da nosa España, o retrato do noso invicto Caudillo presidirá en todas as escolas a educación dos nosos futuros cidadáns (...). Nas escolas de nenas brillará a feminidade máis rotunda, procurando as mestras, con labores e ensinanzas apropiadas ao fogar, dar carácter ás súas escolas.

Romualdo de TOLEDO [Xefe do Servizo Nacional de Ensino Primario]. Circular con instrucións aos inspectores de educación. 5-3-1938

20. O franquismo: as forzas de oposición ao réxime

- Tras a Guerra Civil e a chegada de Franco ao poder → moitas forzas de oposición ao réxime.
- **Dous ámbitos:**
 - a) **Exiliados** → obrigados a abandonar o país como consecuencia da súa derrota e para escapar da dura represión (fusilamentos, asasinatos, cárcere, etc.).
- Ata a posguerra, en ningún momento da historia de España se producira un éxodo de tal natureza e magnitude.
- **Francia** é un dos países de destino → invasión Nazi (réxime de Vichy) fai que a maioría dos republicanos españois sexan enviados a campos de concentración ou devoltos á España franquista. Os restantes puideron alistarse no exército francés (novena brigada e liberación de París) ou conectaron coa Resistencia Francesa.

- **México** é outro dos países receptores de exiliados (axudou á República na Guerra Civil).
- América Latina en xeral tamén foi receptora de personalidades da cultura, sector terciario con alto grado de cualificación.
- Grazas ao apoio do presidente de México (Lázaro Cárdenas) polo que se poden fundar **institucións republicanas no exilio (gobierno e Cortes)**.
- Estas institucións non tiveron recoñecemento internacional, pero levaron a cabo a actividade política e actividade en prensa, ensaística, etc.
- A **URSS** foi outro punto de acollida, especialmente para os afiliados ao Partido Comunista.
- Todos os partidos e tendencias fieis á República → falta de cohesión.

b) oposición interior :

- **Maquis** → guerrilleiros pertencentes a partidos e grupos antifranquistas trasladados ao monte dende onde emprenden a loita. **Que pretenden?** → resistir ata o fin da II Guerra Mundial e esperar unha victoria dos aliados e a intervención na España franquista.
- Neste contexto, **Operación Reconquista** → 7000 guerrilleiros invaden o Val de Arán pero fracasan.
- A actividade dos maquis foi intensa **entre 1944 e 1952** nas **zonas rurais** e de montaña de Asturias, León, Sistema Ibérico, Andalucía e Galicia.
- Foron perseguidos e reprimidos duramente pola Garda Civil, amparada pola **Lei de Represión da Bandidaxe e do Terrorismo**.
- **En Galicia** a actividade guerrilleira foi relevante, tanto polo número de guerrilleiros como pola súa pervivencia (Benigno Andrade “Foucellas” ou Xosé Castro VEiga “Piloto”).
- Os **partidos políticos no exilio** convencéronse da imposibilidade de derrotar a Franco simplemente con guerrillas → son substituídas pola acción noutros ámbitos.




- A protesta ou oposición a Franco por parte dos que apoiaron a sublevación foi pouco significativa, aínda que a houbo. Xorde porque non aceptan a unificación política imposta por Franco.
- Hedilla en **Falanxe**, Fal Conde co **Carlismo** ou Gil Robles polos **antigos cedistas e monárquicos** → sofren certa represión, pero non comparable aos republicanos.
- **Anos 60:**
- Prodúcese unha **mellora económica** e unha **intensificación da oposición**, que reclama un réxime democrático.
- As **Universidades** son un claro foco de protesta. 1956 → petición de ter sindicato diferente ao oficial (SEU). O goberno o nega e reprime (expedientes, suspensión de clases, peche de universidades, etc.).
- 1962 → nacen as **Comisións Obreiras** de forma clandestina e se organizan para reclamar melloras salariais, laborais, etc. promoven folgas.



- **1962** → prodúcese o célebre **Contubernio de Munic** (liderado por Salvador de Madariaga) → reunión da oposición do interior e do exilio (salvo comunistas que non foron convidados). Destacan monárquicos (Juanistas).
- **Que pretenden?** chamamento internacional para que España non sexa aceptada na CEE (o réxime quere presentar una candidatura) porque non é unha democracia.
- **PCE e PSOE** → forte oposición interior (clandestinidade) e no exilio.
- Na **Igrexa** → **Concilio Vaticano II** pon fin ao nacional-catolicismo e á Igrexa como pilar fundamental do réxime dende a Guerra Civil. 339 sacerdotes asinan un documento no que denuncian a falta de liberdades e os malos tratos do réxime.
- **1970** → aumento da tensión co **terrorismo**, que nun principio contou con apoio da oposición

- 1959 xa se fundara **ETA**, forma radicalizada do nacionalismo vasco.
- Para dar unha mellor imaxe internacional → créase o **Tribunal de Orde Pública** en 1963 (Audiencia Nacional na Transición). Encárgase de xulgar delitos políticos contrarios ao réxime e diminuíndo a actuación de Tribunais Militares.
- Tras a prosperidade económica de 1960 (freada pola crise do Petróleo en 1973) → sociedade española muda e demanda maiores liberdades.
- Neste contexto, xorden diferenzas dentro do franquismo:
 - **Búnker** → sectores conservadores e reaccionarios.
 - **Aperturistas** → os dispostos a facer certas reformas.
- Neste contexto, a saúde de Franco e as crecentes dificultades políticas e económicas anunciaban a fin do réxime.

- O deterioro de Franco obrigoulle a nomear a **Carrero Blanco** (representante do “búnker” e home de confianza) como presidente do goberno.
- **Arias Navarro** → ministro de gobernación (antecedente do Ministerio de Interior).
- Na **operación Ogro** → Carrero Blanco é asesinado por ETA. Consecuencia→ priva ao réxime da persona que podía dar continuidade ao Movemento.
- Carrero é substituído por **Arias Navarro (agora presidente de goberno)**, quen anuncia unha serie de **reformas (espírito do 12 de febreiro)**:
 - Maior liberdade de prensa (aínda que hai censura).
 - Elección de alcaldes (previa elección gubernamental de los candidatos).
 - Creación de asociacións políticas (non se leva a cabo por medo aos sucesos da Revolución dos Claveis en Portugal).
 - Reforma da lei sindical.
- En todo caso, todas estas intencións de reforma combináronse cunha dura represión.




- Aumenta a oposición no exilio e no interior.
- Oposición interior:
 - **Grupo Tácito** → políticos e intelectuais que pretenderon unha transformación do réxime a posicións máis democráticas desde dentro do sistema.
 - Distanciamiento e críticas por parte da **Igrexa** (o obispo de Bilbao chega a defender o uso do Euskera nas igrexas).
 - **Unión Militar Democrática (UMD)** → sector da oficialidade do exército que plantexaba que a institución militar non debía ser un obstáculo para a democracia.
 - **Folgas e protestas obreiras e estudiantiles** (fortemente reprimidas pola policía franquista “grises”).
 - Atentados terroristas de **ETA (Euskadi Ta Askaltasuna “País Vasco y Libertad”)**, **FRAP** (Frente Revolucionario Antifascista y Patriota) e **GRAPO** (Grupo Antifascista Primero de Octubre).





UNION MILITAR DEMOCRATICA

LOS MILITARES
Y LA LUCHA
POR LA DEMOCRACIA

 www.todocoleccion.net



- Oposición exterior:

- Organizacións antifranquistas que inician proceso de unidade para restablecer a democracia.
- 1974 en Francia → **Xunta Democrática (iniciativa de Santiago Carrillo, líder do PCE)** para liderar a oposición ao franquismo.
- O PSOE → **Congreso de Suresnes** para resolver a crise interna do partido entre os exiliados e os socialistas afiliados no interior. Felipe González é elexido Secretario Xeral do partido. O PSOE impulsa tamén a **Plataforma Democrática** para aglutinar partidos afíns a súa ideoloxía
- 1975 → Créase a **“Plataxunta”** (Xunta Democrática PCE + Plataforma Democrática + afíns a Juan de Borbón + Democristianos + Socialdemocratas + Independentes...).



Anunciada en España y en París la creación
de la **JUNTA DEMOCRATICA
DE ESPAÑA**





Doc. 1. O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40 // Orixes da guerrilla antifranquista (Vida Guerrilleira, Boletín das guerrillas de Galicia, 1948)::

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...). Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, non obstante, non vacilaban en acollernos”.

Doc. 2. Noticia recollida en Mundo Obrero dunha manifestación universitaria en Madrid (1956): “

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de se retirar (...). Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudecéronse os berros dos estudantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”.

Doc. 3. En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa:

“1.-A formación dun goberno provisional que substitúa o actual (...). 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións. 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical. 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica. 6.-A liberdade de prensa (...). 8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas. 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente. 10.-A separación da Igrexa e do Estado (...)”

Doc.4.-O líder sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisións Obreiras (CC.OO.):

“A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana La Camocha, para defender unha asignación de carbón aos mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición (...). En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisións Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente desas comisións elixidas en asembleas (...). Decidíramos servirnos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”. Doc.4.-En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa: “1.-A formación dun goberno provisional que substitúa o actual (...). 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións. 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical. 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica. 6.-A liberdade de prensa (...). 8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas. 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente. 10.-A separación da Igrexa e do Estado (...)”

Doc.5.- Declaración do Partido Comunista de España promovendo unha política de Reconciliación Nacional

(1956):

“Nos últimos anos produciuse unha importante evolución. Forzas considerables, que noutro tempo integraron o campo franquista, foron mostrando a súa discrepancia cunha política que mantén vivo o espírito de guerra civil. No campo republicano son máis numerosas e influentes as opinións dos que estiman que hai que enterrar os odios e rancores da guerra civil (...). Un estado de espírito favorable á reconciliación nacional dos españois, vai gañando ás forzas político-sociais que loitaron en campos adversos durante a guerra civil. (...). Fóra da reconciliación nacional non hai máis camiño que o da violencia”.

Doc.6.- Salvador de Madariaga analiza a repercusión do chamado polo franquismo “Contubernio de Munich”:

“O 8 de xuño de 1962 quedou pois consagrada en Munich a negativa terminante a admitir a España nin aínda como asociada no sistema europeo mentres non cambie o seu réxime. Ao regresar a España os delegados do interior (...) víronse obrigados a escoller desde a escaleira do avión, ou o seu desterro ou o seu confinamento en Fuerteventura. A Gil Robles non lle foi permitido comunicar coa súa casa nin aínda para cambiar de roupa (...). Esta conduta bárbara, no sentido concreto da palabra, é dicir, desprovista de lei, caridade e respecto, terminou por allearlle ao réxime a opinión europea e aínda universal”.

Doc. 7. Proxecto de resolución aprobado por aclamación no Congreso de Múnic: “O Congreso do Movemento Europeo, reunido en Múnic os días 7 e 8 de xuño de 1962, estima que a integración, xa en forma de adhesión, xa de asociación de todos os países a Europa, esixe de cada un deles institucións democráticas, o que significa no caso de España [...] o seguinte: 1º. A instauración de institucións autenticamente representativas e democráticas que garantan que o Goberno se basea no consentimento dos gobernados. 2º. A efectiva garantía de todos os dereitos da persoa humana, en especial os de liberdade persoal e de expresión, con supresión da censura gubernativa. 3º. O recoñecemento da personalidade das distintas comunidades naturais”.

Doc.8.- Manifesto conxunto de Comisi3ns Obreiras e o Sindicato Democr3tico de Estudantes (1967):

“As Comisi3ns Obreiras de Barcelona e provincia e o Sindicato Democr3tico de Estudantes da Universidade de Barcelona saúdan e solidarízanse con todas estas grandes accións de masas que se desenvolven no noso país (...). O Goberno acentúa a represión detendo e procesando a destacados dirixentes do movemento obreiro e estudiantil (...). A vigorosa loita solidaria do pobo conseguiu a liberdade destes demócratas encarcerados. Pero pende sobre eles a ameaza de procesos. Ante esta situación, as CC.OO. de Barcelona e provincia e o SDEUB chamamos a todos os traballadores e estudantes a facer do día 17 unha gran xornada de loita (...) para esixir, xunto ás reivindicacións máis urxentes da clase obreira, aquelas que hoxe son máis sentidas polos traballadores e as amplas masas populares do país: Salario mínimo de 250 pesetas. Semana de 44 horas. Salario igual para mulleres e mozas a iguais condicións de traballo. Xestión e control polos traballadores do réxime de seguridade social. Dereito de folga e a liberdade de reunión (...). Democratización do ensino e a Universidade. Liberdade de todos os detidos e anulación de todos os sumarios e sancións (...). Disolución da Brigada Político-Social e do Tribunal de Orde Pública”.

Doc. 9. Fragmento da sentenza do Consello de Guerra 650/59 contra a Agrupación Socialista Universitaria de Valencia, 3 de agosto de 1959:

“Nos últimos meses de 1958 [...] maniféstanse en Madrid e outras universidades, grupos de estudantes opostos ao SEU, baixo as denominacións Asociación Socialista Universitaria, Nova Esquerda Universitaria, Democracia Cristiá Estudiantes e Estudiantes Comunistas. E a instancia destes últimos [...] constitúese un Comité de Coordinación Universitaria. [...] Unha destas consignas é axuntar os esforzos de todos os elementos desconformes coa política do Réxime vixente en España, especialmente no social e económico, para producir unha xornada de protesta pacífica en forma de folga de vinte e catro horas, que tería que ter lugar o 18 de xuño do ano en curso. Folga pacífica que fracasou rotundamente pola repulsa do pobo español”.

21. O franquismo: política económica

- A economía española durante o franquismo pódese dividir en dúas etapas:
 - **Autarquía** → búsqueda da autosuficiencia económica, propia do ideario fascista. Implicou illamento internacional que comeza dende o fin da Guerra Civil e a victoria dos sublevados.
 - Segunda etapa en **1959** → **Plan de Estabilización Nacional**. España abre a súa economía ao exterior, o que implica investimentos estranxeiros atraídos pola man de obra barata e abundante.

1. Autarquía

- Intervencionismo estatal. **Obexctivo** → lograr a autosuficiencia económica e non depender do exterior.
- Impulsa a produción interior e dificulta as importacións mediante aranceis (**proteccionismo**).
- **a) Agricultura** → descende a produción debido a escaseza de abonos e baixa produtividade → desabastecemento e necesidade de cartillas de racionamento.
 - Créase o **Insitituto Nacional de Colonización** → intento de incrementar a produción agraria.
 - Este instituto depende do Ministerio de Agricultura e organizou o asentamento de campesiñado en terras novas de regadío.
 - 1952 → **Lei de Concentración Parcelaria** pretende evitar o minifundismo e facer máis rendibles as explotacións.

- A pesar da propaganda, todas estas reformas fracasan.
- 1950 → **plans integrais** melloran a situación rural e agrícola con máis regadíos, máis vivendas e máis redes eléctricas (destaca Badaxoz 1952).

b) Industria → política intervencionista.

- Creación do **Instituto Nacional de Industria (INI)** en 1941 → controla a produción dos sectores industriais básicos cuxo maior promotor e inversor é o Estado.
- Aínda que se evitou o contacto económico co exterior, a dependencia tecnolóxica e enerxética do estranxeiro provocou que non se cumprisen os obxectivos marcados.

c) Transporte

- Destaca a nacionalización da rede de ferrocarril de vía ancha.
- **1941** → créase a **RENFE** (Red Nacional de Ferrocarriles Españoles) → incapaz de reconstruír a rede e os niveis de tráfico de preguerra.
- As **transaccións comerciais** estaban fortemente intervidas polo Estado → outorga licenzas e establece acordos bilaterais co comercio exterior.
- **Comisaría de Abastecementos e Transportes** (1939) → regula o comercio interior.

- Autarquía, sobre todo ao principio → escaseza de alimentos que provocou o establecemento dunha economía de subsistencia.
- Foron os “**malogrados anos corenta**” → Para paliar a fame e o desemprego o réxime recorre ao **Auxilio Social** → institución de caridade controlada por Falanxe.
- **Que implicou o desabastecemento? mercado negro ou estraperlo** → burla o racionamento e se atopan produtos a elevado prezo para unha poboación moi empobrecida e con baixos salarios.
- Esta práctica favoreceu a usura, o amiguismo e o enriquecemento dos cercanos ao réxime.
- **1950** → **inicio da recuperación económica** debido a dous factores:
 - **Mellora das colleitas** → hai excedentes e se acadan niveis de preguerra. Suprímese a carta de racionamento do pan en 1952.
 - **1953 fírmase o tratado hispano-norteamericano con EEUU** → aporta materias primas, divisas, fontes de enerxía, bens de equipo.



- A **demografía** tamén crece na década dos 50 → máis man de obra.
- Todo isto contribuíu a un aumento das rendas e impulso da industria → fundación de **SEAT**, vencellada á FIAT italiana.
- **1957** → entran técnicos no goberno que anuncian cambios de calado.
- Factores que fortaleceron ao réxime nestes anos:
 - Concordato coa Santa Sede.
 - Pactos con EEUU.
 - Ingreso na ONU.
- En **1959 introdúcese o Plan de Estabilización** → reformas económicas implantadas polos tecnócratas do Opus Dei.
- **Obxectivo do plan?** establecer un **modelo baseado na liberdade económica** máis acorde coa economía capitalista occidental.
- A **economía capitalista** baséase na flexibilidade de prezos e salarios, que veñen determinados polo mercado e non polo Estado.
- **Política monetaria** que obriga a establecer a paridade da Peseta coas divisas internacionais e a liberalización dos mercados.



El Plan de Estabilización de 1959

En aquests anys es va estar molt a prop que l'Estat caigués en una situació de suspensió de pagaments ...

Situació econòmica insostenible a partir de 1956 - 1957.

Exigències de reformes des del FMI i l'OCDE

Arribada a llocs clau del govern de membres de l'OPUS DEI.

PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE 1959




Aprovat pel Govern per Decret Llei de 21 de juliol de 1959, i confirmat per les "Cortes" 7 dies després...

El "Plan" es va aprovar malgrat l'oposició dels sectors més durs del règim, partidaris de mantenir el model autàrquic, i de les reticències del propi Franco.


El seu principal objectiu era estabilitzar l'economia i iniciar un procés de liberalització per integrar Espanya en el món capitalista occidental.

Plan de Estabilización



- **Sector público** → o goberno comprométese a equilibrar ingresos e gastos, reducir a inflación e mellorar a fiscalidade.
- O éxito do Plan de Estabilización foi sentar as bases para o **forte crecemento dos anos 60** → abandono definitivo do modelo autárquico.
- Neste segundo periodo, aínda que hai mellora económica, o mercado non absorbe a man de obra excedente → **incremento da emigración**.
- **Emigración interna** (rural a cidades) e **Emigración exterior** (especialmente países europeos).
- **Entre 1960 e 1973 España viviu o “Desarrollismo”**.
- En este contexto de optimismo económico o réxime celebrou os **25 Anos de Paz** en 1964.
- Franco era presentado como un bo político e ao réxime como o garante de prosperidade, orden e paz.

- Puxéronse en marcha **tres plans de desenvolvemento económico e social** con carácter industrial.
- **Obxectivo dos plans** → superar as diferenzas estruturais no Estado e favorecer as zonas menos industrializadas → **polos de desenvolvemento** (impulsar a actividade económica en lugares concretos e a súa área de influencia).
- **Investíronse recursos nas zonas máis rendibles** de País Vasco, Valencia, Madrid e Cataluña → intereses dos grupos de poder económico e político.
- Potenciouse a **producción hidroeléctrica** coa construción de **encoros** inaugurados por Franco.
- Todo isto contribuía á propaganda na prensa, sobre todo no **NODO** → noticioso cinematográfico de obrigada exhibición nas pantallas españolas.



- O **crecemento económico** deixou ao marxe consideracións ambientais ou unha axeitada política urbanística.
- O **turismo** → unha das maiores fontes de ingresos, que foi xunta a **construción** un dos motores do despegue económico. Transformaron notablemente o litoral mediterráneo.
- O **diñeiro** que reportou esta actividade, xunto ás divisas enviadas polos emigrantes (dende Suiza, Alemaña, Reino Unido, Francia) → contribuíu **reducir o déficit comercial**.
- Todo este “desarrollismo” finaliza coa **crise económica de 1973 (Crise do Petróleo)** → suba de prezos do petróleo que en España provoca inflación e conflictividade laboral. Deixa un legado complicado para a etapa da Transición.

Doc.1.

O problema máis grave que presenta a economía española é o desnivel da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Este desnivel permanente e visible do noso comercio en todo o que vai de século, coa única excepción dos cinco anos nos que o subministro ás nacións en guerra ofrecen superávit accidental, resulta de tal gravidade para a nosa economía, que suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, doutro modo, produciríase o fenómeno de que a riqueza nacional continuase esgotándose nesta sangría solta de centenaes de millóns que anualmente marcha a vigorizar a economía dos países exportadores (...). Imponse a política comercial no exterior: 1. Suprimir as importacións que non sexan indispensables. 2. Reducir aquelas outras que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución. 3. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos. 4. Intensificar as nosas exportacións, incluso con primas. 5. Estipular tratados comerciais que obriguen a comprarnos aos que nos venden os seus produtos pero hoxe non nos compran a nós ou non o fan en proporción notoria.

Francisco FRANCO. Discurso. 9-10-1939

Doc. 2.

O Decreto-Lei que a continuación se articula establece a liberalización progresiva da importación de mercadorías e, paralelamente, a do seu comercio interior; autoriza a convertibilidade da peseta e unha regulación do mercado de divisas; faculta o Goberno para modificar as tarifas de determinados impostos e o Ministro de Facenda para promulgar normas acerca do volume de créditos. É indubidable que as medidas restritivas de emerxencia entrañaban un carácter transitorio. Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigacións asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE.

Francisco FRANCO. Decreto-Lei de ordenación económica. 21-7-1959.

Doc. 1. Preámbulo da Lei do 24 de outubro de 1939 de protección ás novas industrias de interese nacional:

“Con motivo da gloriosa Cruzada en que España tivo que superar a crise máis grave da súa historia, púxose de relevo a capital importancia que para a vida da Nación ten contar no territorio patrio coas industrias necesarias para a guerra e as primeiras materias indispensables para a súa vida. A situación da nosa economía esixe, por outra banda, esforzos considerables para redimir España da importación de produtos exóticos. O non lograr ata hoxe, non obstante as posibilidades do mercado interior, que a iniciativa particular satisfaga esas necesidades, aconsella estimular a implantación de tales industrias de acusado interese nacional, concedéndolles certas garantías e beneficios”.

Doc. 2. Preámbulo do Decreto-Lei do 20 de xullo de 1959, coñecido como «Plan de Estabilización»:

“É indubidable que as medidas restritivas de emerxencia implicaban un carácter transitorio. Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigacións asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obrigación de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país. Pola contra, esta función poderase exercer con maior axilidade suprimindo intervencións hoxe innecesarias”.

Doc. 3. Seat 600 “emblema desarrollismo”



Doc. 3. Ingresos de divisas por turismo

Anos	Millóns de dólares
1955	90,7
1960	297,0
1965	1.156,9
1970	1.680,8

Fonte: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, Ed. Guadiana, 1974, vol. II, p. 479

22 e 23. “A agonía do franquismo e inicios da Transición” e “as primeiras eleccións democráticas e a Constitución de 1978

- CIUG: “A antiga composición 22 (*A agonía do franquismo e os inicios da Transición*) e a composición 23 (*As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978*) refúndense nunha única composición denominada:
- **“A transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978”.**
- **A transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978.** Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece o contexto no que se levou a cabo a transición, así como as diferentes medidas postas en marcha polos primeiros gobernos da monarquía para chegar á implantación dunha democracia parlamentaria desde a legalidade franquista vixente. Fará fincapé na Lei para a Reforma Política, as primeiras eleccións democráticas e os principios fundamentais da constitución de 1978.

- Os **últimos anos do franquismo foron moi axitados** → prosperidade económica non xerou adhesión ao réxime e fomentou desexos de cambio e maiores liberdades.
- O propio **franquismo sufríu no seu final enfrontamentos internos** e divisións (búnker vs. aperturistas).
- 1968 → plantéxase a legalización de asociacións (pluralismo político):
 - **Aperturistas** → Fraga Iribarne móstrase a favor, pois considera que é necesario adaptarse á realidade social.
 - **Búnker** → pretenden manter intacto o réxime nacido da Guerra Civil.
- 1973 → **Franco nomea a Carrero Blanco** como presidente do goberno → vencellado ao Búnker.
- Poucos meses despois **morre a mans de ETA** → crise e tensións entre as “familias” do franquismo.

- Nomeamento de **Arias Navarro como presidente de goberno** suscita expectativas “**espírito do 12 de febreiro**” → esperanzas frústranse cando co cesamento dalgún ministro aperturista e a dimisión doutros. Arias aliñéase cos sectores conservadores.
- Novembro de 1975 → **Franco morre**.
- Xefatura de Estado pasa a **Juan Carlos de Borbón** → proclamado rei, Capitán Xeneral dos Exércitos. Inicia o proceso legal para configurar España como un **Estado Social e Democrático de Dereito**. O proceso é coñecido como **Transición Democrática (1975-1978)**.
- O inmovilismo do goberno favoreceu a conflitividade social e a confrontación política.
- **Consecuencia** → Arias Navarro dimite en 1976 e é nomeado **Adolfo Suárez**



- O novo presidente intenta:
 - Atraer á oposición, artellada na “**Plataxunta**”.
 - Neutralizar aos sectores máis intransixentes.
 - Gañar apoio público.
- As reformas dende a legalidade franquista avanza con tensións, diferenzas e acordos.
- Preténdese dismantelar as estruturas do réxime franquista e acabar coas súas institucións.
- Suárez presenta a **Lei para a Reforma Política** ás Cortes co fin de que quedasen disoltas (é dicir, as Cortes de Procuradores teñen que acabar consigo mesmas).
- Paralelamente, o goberno mantén contactos co exército, Igrexa, oposición e os procuradores das Cortes que debían sancionala.
- Esta lei permitía unha **ruptura pactada e controlada** do sistema.

- A aprobación por parte das Cortes franquistas (**Cortes Haraquiri**) da Lei de Reforma política en novembro de 1976, ratificada en referendun o 15 de decembro de 1976, poñía as bases para a legalización dos partidos políticos e abría a porta á democracia.
- **(tema 23)**
- 1977 → feitos importantes:
 - Secuetros do GRAPO (Grupo Antifascista Primero de Octubre).
 - Matanza dos avogados laboristas a mans da ultradereita
 - Legalización do PCE (Partido Comunista de España) en Semana Santa contra o parecer da cúpula militar.
 - Adolfo Suárez convoca **eleccións a Cortes Constituíntes** o 15 de xuño.
- Estas eleccións son as primeiras dende a IIª República, e nelas concorren numerosas formacións políticas.
- Os resultados → da “**sopa de siglas**” (moitas candidaturas), saíron reforzados os grandes partidos. Gañan partidos de centro.


- Vitória para a **UCD (Unión de Centro Democrático)** → formación política creada por Adolfo Suárez que obtivo maioría relativa en escaños.
- O **PSOE** foi a segunda forza máis votada.
- O **PCE** a terceira forza a grande distancia das dúas primeiras



- A **Alianza Popular (AP)** de Manuel Fraga foi cuarta forza.
- As **forzas nacionalistas** de Cataluña e País Vasco tamén tiveron representación.
- Os **partidos extremistas quedaron fóra** do parlamento → a poboación votou forzas que buscaban o consenso e rexeitou aquelas que lembraban ao conflito da Guerra Civil.
- Grave **crise económica** foi primeiro reto da UCD → Crise do Petróleo provocou grave recesión mundial que afectou profundamente a España.
- Para abordar a situación chégase aos **Pactos da Moncloa (outubro 1977)**:
 - Acordos asinados polos axentes sociais (partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais).
 - Se comprometen a establecer unha estratexia conxunta para lograr a estabilidade e a consolidación da democracia.
 - Reducir conflictividade social.
 - Adoptar medidas económicas para paliar a grave crise arrastrada dende 1973.
 - Transmitiron á sociedade unha imaxe de diálogo por riba das diferenzas políticas.



- Agosto 1977 → constitúese unha comisión redactora do **borrador da Constitución**.
- O texto foi revisado e enmendado, para ser aprobado nas Cortes o **6 de decembro de 1978, aprobada en referendo pola cidadanía**.
- Inspirada en Constitucións anteriores (1876 e 1931) e textos do estranxeiro.
- É de carácter progresista e democrática e cunha estrutura dogmática (principios) e orgánica en canto á organización do Estado.



Constitución Española

Don Juan Carlos I.
Rey de España.

A todos los que la presente
vieren y entendieren.

Sabed: que las Cortes han
aprobado y el Pueblo es-
pañol ratificado la siguiente
Constitución.



Constitución Española

Don Juan Carlos I.
Rey de España.

A todos los que la presente
vieren y entendieren.

Sabed: que las Cortes han
aprobado y el Pueblo es-
pañol ratificado la siguiente
Constitución.

- **Características da Constitución:**

- **Soberanía popular** baixo réxime de monarquía parlamentaria.
- Establece a España como un Estado social democrático de dereito.
- **O rei reina, pero non goberna.** Ten atribución de xefe das Forzas Armadas.
- España defínese como un **Estado unitario**, pero descentralizado administrativamente en autonomías → recupera a solución territorial da Segunda República.
- **Cataluña, País Vasco e Galicia**, son tratadas como nacionalidades históricas → poden chegar a autonomía pola vía rápida “art. 151” en lugar do art. 143 que afecta ás demais.
- Cada **autonomía ten parlamento, goberno e Tribunal Superior de Xustiza propios.**
- **Estado aconfesional** → relixión católica maioritaria ten unha consideración especial.
- Recolle **dereitos e deberes da cidadanía** e o funcionamento das institucións do Estado.
- Recolle **dereitos sociais**: dereito de folga, de asociación, de liberdade de prensa, pluralidade política e sindical.
- Establece **sistema bicameral**:
- **Congreso dos Deputados**: 350 elixidos por sufraxio universal directo en listas pechadas polos partidos, baixo o sistema da Lei D’Hont).
- **Senado** → listas abertas e representación maioritaria.

- O **Congreso** exerce función de control sobre o goberno, dá a súa confianza ao mesmo e discute e elabora proxectos de lei propostos polo goberno. Unha vez aprobados, deben pasar pola súa ratificación ou devolución ao Senado.
- O **Senado** ten unha atribución de cámara territorial que nunca foi ben desenvolvida.
- Redáctase dunha forma **ambigua** para posibilitar distintas interpretacións:
 - Para algúns é un problema, porque produce inseguridade xurídica.
 - Para outros é unha virtude, xa que permite gobernar a dereita e esquerda sen necesidade de modificala → afasta a práctica histórica de que cada ideoloxía triunfante tivese que redactar un novo texto á súa medida.
- Actualmente, un dos problemas que presenta e que é **ríxida**, porque o procedemento de reforma que establece **esixe unha votación favorable de 2/3 de ambas cámaras** (Congreso e Senado) e ratificación popular en referendo.





Doc.1. Extracto do comunicado no que ETA reivindica o atentado contra Carrero Blanco en 1973:

“A operación que ETA realizou contra o aparato de poder da oligarquía española na persoa de Luis Carrero Blanco, debe interpretarse como xusta resposta revolucionaria da clase traballadora e de todo o noso pobo vasco (...). Luis Carrero Blanco, un home duro, violento nas súas posicións represivas, constituía a peza clave garante da continuidade e estabilidade do sistema franquista (...).”

Doc. 2 Viñeta humorística alusiva á crise económica, publicada na revista satírica *Por favor* en 1975:



Doc. 3 Logo da dimisión de Arias Navarro, o primeiro consello de ministros presidido por Suárez dá a coñecer o seu programa de goberno. Así o recolle o xornal El País (17 de xullo de 1976):

“<O Goberno ten o propósito de elevar á Súa Maxestade a recomendación de que (...) outorgue unha amnistía aplicable a delitos e faltas de motivación política ou de opinión.>

Con estas palabras pecha o Goberno a súa declaración programática, aprobada no Consello de Ministros. Na mesma declaración (...) o Goberno engade claramente a súa convicción de que <a soberanía reside no pobo e proclama o seu propósito de traballar colexiadamente na instauración dun sistema político democrático, baseado na garantía dos dereitos e liberdades cívicas, (...) e na aceptación do pluralismo real.> Tamén anuncia

o Gabinete o seu propósito de convocar eleccións xerais antes do 30 de xuño de 1977”

Doc. 4.-Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes o 18 de novembro de 1976:

Art.1.1. A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo. 2. A potestade de elaborar e aprobar as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art.2.1. As Cortes compóñense do Congreso dos Deputados e do Senado.

Art 3. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade.

Art 3.1 Os senadores serán elixidos en representación das entidades territoriais. O Rei poderá designar para cada lexislatura senadores en número non superior á quinta parte dos elixidos”.

Doc. 5. Na campaña para as eleccións de xuño de 1977, o candidato de UCD, Adolfo Suárez, pronuncia o seguinte discurso:

“Prometemos volverlle a soberanía ao pobo español, e pasado mañá exércea. Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos. Prometemos que todas as familias políticas poderían ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden acadalo (...).

Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con todos os grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escaños (...). Podo prometer, e prometo (...), dedicar todos os esforzos a acadar un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que ha seguir a economía española nos vindeiros anos (...). Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características”.

Doc.6

Os efectos dos Pactos da Moncloa foron inmediatos: a inflación cerraba o ano nun 26,4% e situábase en 1978 no 16%; recuperábase o equilibrio da balanza de pagos por conta corrente, obténdose un superávit ao ano seguinte; as reservas de divisas pasaron de 4.000 millóns de dólares a mediados de 1977 a 10.000 millóns a finais de 1978; restablecíase un certo equilibrio nas contas das empresas, iniciándose unha tendencia alcista dos beneficios, E, sobre todo, producíase un cambio importantísimo no clima político do país que permitiu chegar á Constitución. Os Pactos da Moncloa converteríanse na insignia do paso da ditadura a unha democracia sen convulsións sociais. (...) Este compromiso histórico complementouse un pouco máis tarde coa asunción dunha política de austeridade que consideraba a loita contra a inflación como prioritaria para a recuperación da economía.

Xaquín ESTEFANÍA. O compromiso histórico español, Memoria da Transición. El País. 1995.

Doc.2.-Constitución de 1978:

“Art.1.1.-España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

1.2.-A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.

1.3.-A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Art.2.-A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Art.3.1.-O castelán é a lingua española oficial do Estado (...).

3.2.-As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos (...).”

24 e 25. “A crise da UCD e o Golpe de Estado” e “A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE”

- CIUG: “ A antiga composición 24 (*A crise da UCD e o golpe de estado*) e a composición 25 (*A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE*) refúndense nunha única composición denominada:
- **“A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE”**.
- **A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE.** Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece as dificultades básicas polas que pasou UCD e o intento de golpe de Estado que tivo lugar no contexto do proceso de substitución do presidente do goberno. Tamén explicará a política levada a cabo polos gobernos socialistas facendo referencia a unha serie de puntos básicos: o establecemento do estado de benestar e a integración de España nas institucións internacionais.

- A **UCD** logrou gañar dúas eleccións (1977 e 1979) sen maioría absoluta.
- Esta formación era **heteroxénea** → confluencia de:
 - Algúns elementos políticos do franquismo
 - Democristiáns
 - Liberais
 - Socialdemocracia
- Os primeiros anos da **Transición** foron duros por varias cuestións:
 - Crise económica do 1973 (Crise do Petróleo) → en España tive efecto máis tardío.
 - Alta inflación e paro crecente → folgas e malestar social
- Esta situación motivou os mencionados **Pactos da Moncloa** → acordos entre goberno, partidos da oposición, sindicatos e patronal para evitar o descarrilamento dos pasos dados cara a normalización política en España.
- Ademais, nestes anos **ETA** comete numerosos atentados contra membros das Forzas Armadas (“**anos do chumbo**”).

- A pesar da autonomía vasca, as **accións terroristas** creceron e crearon profundo malestar no exército e sectores inmovilistas da sociedade.
- Cada **funeral** polos asasinados era empregado pola **ultradereita** para manifestarse contra o goberno.
- O **proceso autonómico** era visto como unha provocación e unha ameaza á unidade de España.
- O exército desconfiaba de Adolfo Suárez dende a **legalización do PCE** (Partido Comunista de España) e a **legalización do divorcio** (esta última enconou á xerarquía da Igrexa católica e aos sectores conservadores da UCD).
- No intento da creación da democracia, **Adolfo Suárez víuse presionado** pola esquerda (PSOE) → chega a sometelo a unha **moción de censura** en 1980 e pola dereita (Alianza Popular de Fraga Iribarne).



https://www.youtube.com/watch?v=RCmT_ILQwgc&ab_channel=JoseTB

(axitación social ultradereita). Gutierrez-Mellado (imaxe): Xeneral franquista partidario da modernización do exército e de España (vicepresidente con Suárez)



- A UCD vive unha crise interna (desconfianza hacia Suárez) que se suma a rumores de golpe de Estado → UCD acaba por implosionar.
- Xaneiro **1981** → **Adolfo Suárez dimite** ante o rei.
- **O 23 de Febreiro (23-F)** → durante unha votación no Congreso para investir presidente a Leopoldo Calvo Sotelo (UCD) un grupo de Gardas Civís ao mando do Tenente Coronel **Tejero** ocupan a cámara á espera de que un mando de maior rango pase a encabezar o **golpe de Estado**.
- Paralelamente, o **Xeneral Miláns del Bosch** (Capitán Xeneral de Valencia) saca os tanques ás rúas de Valencia e impón o toque de queda.
- Segundo os golpistas, o rei está informado de todo o suceso, dando a entender a súa complicidade e respaldo, pero **finalmente o golpe fracasa** tras a aparición pública do monarca no que declara a súa adhesión á democracia e condena aos golpistas.



https://www.youtube.com/watch?v=wHMfbro_-Rc&t=102s&ab_channel=PresidenteAdolfoSu%C3%A1rezGonzalez (Tejero)

https://www.youtube.com/watch?v=5hVqgXYfV1A&ab_channel=EIPa%C3%ADs (documental 23F)

- Esta intervención do rei (televisada) impediu a incorporación de novas unidades ao golpe e finalmente obrigou aos golpistas a entregarse.
- Ese mesmo día conflúen dúas tramas:
 - A protagonizada por Tejero → xs condenado anteriormente por outra trama similar no 78 (**Operación Galaxia**), vencellada aos sectores do búnker franquista.
 - Outra na que estaba implicado o **Xeneral Armada**, da cal sairía un **gobierno de concentración** nacional (formado por representantes de varios partidos).
- As **manifestacións na rúa respaldando a democracia** por parte da sociedade española e a victoria do PSOE nas eleccións de 1982 afastaron as tentacións golpistas dese sector máis conservador do exército.
- A **presidencia de Calvo Sotelo** durou pouco máis de un ano → importantes medidas:
 - Aprobación da Lei do Divorcio (coa oposicións dalgúns sectores da propia UCD).
 - A Lei do Defensor do Pobo.
 - Integración na OTAN.
- A oposición de esquerdas (PSOE) vai empregar este último feito (**OTAN**) como eixe da súa campaña contra o goberno.
- Ante as dificultades, Calvo Sotelo convoca eleccións nas que o **PSOE obtén a maioría absoluta** e a UCD practicamente desaparece.

https://www.youtube.com/watch?v=h5W-oRp5-Ok&ab_channel=EIPa%C3%ADs

23F. Testimonio de Santiago Carrillo



Mensaje Juan Carlos I



https://www.youtube.com/watch?v=4DodgdzMBkM&ab_channel=ProtocoloyEtiqueta

- **(tema 25)**
- A **vitoria do PSOE** permite aos socialistas volver ao goberno do país, feito que non ocorría **desde a IIª República**.
- Este partido é liderado por **Felipe González** (Presidente do Goberno) e **Alfonso Guerra**.
- Ambos conseguiron unha **renovación do partido** → renuncia ao marxismo (vía revolucionaria) en favor da socialdemocracia (vía reformista) → este feito tamén se deu nos partidos socialistas de Europa.
- Este **abandono do marxismo** permitiu ao PSOE aglutinar voto da UCD en desintegración e despertando entusiasmos na cidadanía.
- Os socialistas enfróntanse aos problemas herdados → emprenden un **programa modernizador e reestructurador** do país.

a) Economía

- Puxeron en marcha unha reconversión industrial → afecta aos sectores maduros (naval e siderurxia). Pon fin ao investimento do Estado na economía.
- Avánzase na idea de flexibilidade laboral e produtiva e paralelamente incentívase unha modernización tecnolóxica → necesidade de adaptarse ás necesidades dos mercados.
- As rexións do norte de España foron as máis afectadas (Bilbao e Ferrol) → forte contestación social.

b) Exército

- Modernización do exército para afastar o fantasma do golpismo.
- Agora o PSOE está a favor de **manter a España na OTAN** (referendo de 1986 á permanencia o goberno defende o si á permanencia).
- Esta inclusión na OTAN permitiría en boa medida a adaptación e modernización do exército.



c) outras medidas

- Reforma educativa e universitaria.
- Aprobación da **Lei do aborto**.
- Nova **política exterior** baseada en:
 - Boas relacións con Portugal e Marrocos.
 - Fortalecer lazos con Latinoamérica.
 - Manter boas relacións con EEUU.
 - Reclamación sobre Xibraltar ao Reino Unido.
- A **entrada na CEE** (Comunidade Económica Europea) materializouse o 1 de xaneiro de 1986 → impulsa o proceso de europeización, consolidación da democracia e modernización.
- Permite a chegada de **axudas económicas** para modernizar as infraestruturas viarias.
- en 1986 tamén se establece o **IVE (Imposto de valor engadido)** que equipara a tributación española coa da CEE.

- Cos socialistas pónse en marcha o **Estado de Benestar**
- Tamén se impulsa o **Estado das Autonomías** co proceso de transferencias de competencias do Estado central ás Comunidades Autónomas.
- Os **socialistas vencen con maioría absoluta** no **1982** e tamén en **1986**, e practicamente en 1989 (175 deputados dos 176 necesarios).
- Chegaron a **acordos cos nacionalistas vascos e cataláns** no 1993.
- O país crecemento económico tivo un **punto culminante en 1992** coa celebración da **Olimpiada de Barcelona** e a **Expo de Sevilla** → España aparecía internacionalmente como un **país moderno e cunha democracia** consolidada.
- **Despois de 1992** → crise económica que unido ao descrédito do PSOE:
 - Casos de corrupción (financiación ilegal → caso **Filesa**).
 - Práctica de terrorismo de Estado contra ETA (os **GAL**).
 - Apropiación indebida de fondos reservados para a loita contra o terrorismo por parte dalgúns altos cargos do Ministerio de Interior (**caso Roldán**).
- Producen a súa **derrota electoral no 1996** a mans do **Partido Popular** de José María Aznar.
- O triunfo en catro eleccións xerais consecutivas permitiríalle ao PSOE e ao seu líder Felipe González gobernar durante 14 anos.

Doc. 1.

O xoves 29 de xaneiro de 1981, o presidente do Goberno, Adolfo Suárez, anunciou ante as cámaras da televisión (...) a súa dimisión irrevogable á fronte do gabinete e do partido que lle conducira ao poder nas eleccións de 1979. Culminaba así un bienio da historia española caracterizado pola inestabilidade política, froito de conspiracións permanentes

contra o executivo, que se encontraba en minoría no Parlamento, e do que se denominou

a operación de “acoso e derribo” ao presidente, capitalizada polos socialistas. (...)

Xoán Luís CEBRIÁN. Acoso e derribo do presidente Suárez, Memoria da Transición. El País. 1995

Doc. 2 Mensaxe de Juan Carlos I, emitido por radio e televisión na madrugada do día 24


de febreiro de 1981:

“Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no Palacio do Congreso, e para evitar calquera posible confusión, confirmo que ordenei ás autoridades civís e á Xunta de

Xefes de Estado Maior que tomen as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente (...).

A Coroa, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar de xeito ningún accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático (...).”

Doc.3. Resultados das eleccións xerais de 1982:



Doc. 1

Se tivésemos que resumir brevemente os beneficios da incorporación de España á Comunidade Europea, poderíamos afirmar que contribuíu á modernización do noso tecido social e produtivo, á intensificación do noso papel dentro do concerto continental, mediante a participación activa nas distintas instancias europeas.

- a) Consolidación dun sistema democrático e unha economía de corte occidental, o que beneficiou non só á estabilidade política e económica interna, senón á europea en xeral. (...)
- b) Recuperación do noso papel como potencia media europea, con posibilidade de expresar a nosa voz “desde dentro” nos distintos foros e, incluso, poder influenciar en determinadas decisións que terían sido contrarias ás nosas necesidades ou intereses vitais.
- c) Actualización acelerada da lexislación interna en aspectos importantes para a modernización do sistema financeiro e produtivo, a articulación do tecido social e a calidade de vida dos consumidores. (...)
- d) Un novo marco para o Estado das autonomías, que, respectando a condición deste como interlocutor privilexiado dos demais Estados membros, facilita a harmonización das distintas lexislacións autonómicas, proporcionando mecanismos de compensación interterritorial, mediante a aplicación dos fondos estruturais.

Francisco FERNÁNDEZ ORDÓÑEZ. Sistema. 1988 [castelán]

Doc. 2

O Goberno considera conveniente para os intereses nacionais que España permaneza na Alianza Atlántica e acorda que esta permanencia se estableza nos seguintes termos:

1. A participación de España na Alianza Atlántica non incluírá a súa incorporación á estrutura militar integrada.
2. Manterase a prohibición de instalar, almacenar ou introducir armas nucleares en territorio español.
3. Procederáse á redución progresiva da presenza militar dos Estados Unidos en España.

Considera conveniente para España permanecer na Alianza Atlántica nos termos acordados polo goberno da nación?

Texto das papeletas para o referendo da OTAN. 12-3-1986

Doc. 3

Os mozos non teñen a experiencia da euforia inusitada, chea de esperanza e enerxía, con que foi recibido o socialismo hai 20 anos. Chegaron dispostos a modernizar España e

en gran medida o conseguiron. Cos socialistas este país adquiriu unha estética á altura dos tempos e perdeu dunha vez o pelo da devesa. Tres feitos fundamentais contribuíron

a este cambio: o exército deixou de ser protagonista da vida nacional e a pantasma do golpismo foi desactivada definitivamente; España entrou no Mercado Común, de modo

que os nosos problemas seculares comezaron a disolverse en Europa; os españois foron obrigados a tomar consciencia da necesidade e o deber de pagar impostos. Unha nova xeración de mozas e mozos estreou masivamente as beirarrúas nunha forma distinta de comunicarse, de via-xar, de vestirse, de amarse, de crear, de cantar, de facer cine e teatro, de escribir. Uniformes militares, sotanas e hábitos de monxas desapareceron das rúas. (...) Os retretes das estacións estaban limpos e nas panaderías dábanche a barra de pan cunhas pinzas sen sobala. Non crean os mozos e mozas que isto é pouco, se por riba conseguimos que a sanidade gratuíta chegue ata o último cidadán, que o ensino sexa obrigatorio e que se fixese a reconversión económica soportando dúas folgas xerais.

Manuel VICENT. 20 anos, El País. 27-10-2002